



BASES PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A POR PROGRAMA DUNHA PERSOA TÉCNICA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NOS CONCELLOS DE DODRO, LOUSAME E ROIS.

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA, RETRIBUCIÓNS E FINANCIAMENTO

O obxecto da presente convocatoria é a realización dun proceso selectivo mediante concurso oposición dun/dunha técnico/a para a realización do programa temporal de información turística nos concellos de Dodro, Lousame e Rois.

A presente contratación realízase para a execución do programa temporal de impulso na información turística nos Concellos de Dodro, Lousame e Rois, financiado esta anualidade con cargo a resolución definitiva de concesión publicada no BOP número 59, de data 28 de marzo de 2022 do Programa(DP0029) de subvencións a Concellos da provincia da Coruña de menos de 50000 habitantes para o financiamento de gasto de persoal das oficinas de turismo.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO

Denominación: Técnico/a de Turismo.

Relación funcional: funcionario/a interino por programa de carácter temporal de impulso na información turística nos Concellos de Dodro, Lousame e Rois anualidade 2022, dentro do programa FOAO/ programa de subvencións a Concellos da provincia da Coruña para o financiamento de persoal das oficinas de turismo.

Este posto encadrase no programa de promoción do turismo, financiada pola Deputación da Coruña, cunha duración de tres anos, e a relación de funcionario/a interino encadrase nas circunstancias que recolle o artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público(EBEP) .

Grupo de clasificación: subgrupo A2

Titulación: estar en posesión antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes dunha diplomatura, licenciatura ou grao

Duración: será o tempo preciso para o desenvolvemento e execución do programa e en todo caso a contratación non terá unha duración que vaia máis alá do 31 de decembro de 2022.

Contido funcional:

- Acollida ao turista
- Facilitar información turística aos visitantes polo distintos canles de comunicación.
- Información sobre recursos turísticos, culturais e naturais.
- Asistencia a peregrinos.
- Asistencia a feiras de turismo e desenvolvemento de actividades promovidas pola concellería de turismo.
- Tarefas administrativas xerais.
- Elaboración de estatísticas, etc.



– Control do material da oficina e inventario

Retribucións:

Salario base: 1071,06 € brutos/mes, Complemento de Destino: 18 (440,97 euros brutos mes) e Complemento Específico: 170,29 euros brutos/mes máis as correspondentes pagas extras

Xornada laboral: Completa

TERCEIRA. PUBLICIDADE

A publicidade das bases farase mediante anuncio no BOP, no taboleiro de anuncios/ do Concello de Rois e na súa páxina web.

Os anuncios sucesivos relativos á convocatoria faranse no taboleiro de anuncios do Concello de Rois.

CUARTA. REQUISITOS DOAS PERSOAS PARTICIPANTES

Para participar no proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de presentación das instancias:

- a) Ser español ou nacional doutro estado membro da Unión Europea.
- b) Ter feitos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio das funcións públicas (Anexo I).
- d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.
- e) Posuír como mínimo o carné de clase B1.
- f) Estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.
A acreditación da competencia en lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao sistema de certificación de lingua galega (CELGA), actualmente vixente, ou ás súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente na materia.
- g) Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos: técnico/a superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente, Técnico/a en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente, Grao ou diplomado en Turismo ou equivalente homologado, Dobre grao en Ciencias Empresariais e Turismo, Grao ou licenciatura en Historia da Arte, Grao ou licenciatura en Humanidades, Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio, Grao ou licenciatura en Historia, Certificado HOT336-3-Promoción turística e información ao visitante ou outros certificados de profesionalidade con equivalencia profesional.



As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos no apartado anterior no día en que remata o prazo para a presentación de solicitudes.

QUINTA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes/instancias para participar no proceso selectivo presentaranse, conforme ao modelo que figura como ANEXO I das presentes bases, no rexistro xeral do Concello de Rois, en horario de atención ao público (de 08.30 h. a 14.00 h.), e no prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, na páxina web do Concello de Rois e no seu taboleiro de anuncios da sede electrónica. Igualmente, as ditas solicitudes tamén poderán presentarse por calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xunto coa dita solicitude/instancia (as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación, que deberá presentarse en documento orixinal ou copia debidamente cotexada/ compulsada:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da titulación esixida no apartado 3.g).
- Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos esixidos na base Terceira.
- Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes.
- As persoas discapacitadas deberán facelo constar nas súas instancias sinalando se precisan adaptación das probas.

A condición de discapacitado/a acreditarase coa certificación correspondente expedida polo órgano competente.

SEXTA. ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro e na páxina web do Concello de Rois www.rois.gal, indicarase o nome, apelidos e DNI das persoas aspirantes admitidas e excluídas, coas causas da exclusión, e concedendo un prazo de tres días hábiles para a emenda da documentación necesaria para participar no proceso.

No caso de que non existan aspirantes excluídos/as, a lista de admitidos/as quedará aprobada definitivamente sen abrir o prazo de emenda da documentación.

Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos achegados dentro do prazo de presentación de solicitudes, sen se tomaren en consideración os que se acheguen con posterioridade ao remate do devandito prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fóra de prazo.

A listaxe definitiva de admitidos e excluídos será aprobada por Resolución de Alcaldía e na mesma determinarase o lugar, a data e a hora do comezo do proceso selectivo e a composición do tribunal, e publicarse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Rois www.rois.gal.



SÉTIMA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador será designado por decreto da Alcaldía no momento de aprobación das listaxes de persoas admitidas e excluídas.

Todos os vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Para as probas, o tribunal poderá dispoñer a incorporación de persoal asesor especialista, que se limitará ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborará co órgano de selección.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

As decisións do tribunal cualificador adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do seu presidente ou presidenta.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público, notificándollo á autoridade convocante, ou cando realicen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

As persoas aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

OITAVA. SISTEMA SELECTIVO

A selección consistirá nun concurso-oposición e nunha entrevista persoal.

8.1 Fase concurso (máximo 2,00 puntos)

Formación: máximo **2,00 puntos**.

Cursos de formación relacionados co posto de traballo:

Cursos de 20 a 50 horas: 0,50 puntos por curso

Cursos de 51 a 100 horas: 1,00 punto por curso

Cursos de máis de 100 horas: 1,50 puntos por curso

A formación xustificárase por medio de fotocopias cotexadas da titulación ou certificación desta.

8.2 Fase de oposición (máximo 7,00 puntos)

PRIMEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO PARA AS PERSOAS ASPIRANTES QUE NON ACREDITEN O CELGA 4

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 4 ou equivalente) ou que non estean en condicións de



acreditalo documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de competencia en lingua galega.

A proba determinará o tribunal e será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á esixida para obter o certificado de lingua galega (CELGA 4) correspondente.

Esta proba cualificará as persoas aspirantes como APTAS ou NON APTAS. As persoas que non obteñan a cualificación de APTAS quedarán eliminadas do proceso selectivo.

O Servizo de Normalización Lingüística asesorará ao tribunal e colaborará na confección e na corrección da correspondente proba de competencia en lingua galega.

SEGUNDO EJERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Este exercicio estará dividido en dúas partes obrigatorias, sendo necesario superar ambas. A puntuación final desta fase será a suma das dúas partes.

Primeira parte: de carácter obrigatoria e eliminatoria (máximo **4,00 puntos**)

Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test composto por 50 preguntas e catro preguntas de reserva con tres respostas alternativas, das que só unha é correcta, relacionadas co contido funcional do posto e coas materias contidas no temario que figura no Anexo II destas bases.

As respostas incorrectas e as respostas en branco non restarán puntos.

A proba cualificarase de 0 a 4 puntos, sendo eliminadas as persoas aspirantes que obteñan menos de 2 puntos.

O tempo máximo para realizar a proba será de 60 minutos.

Segunda parte: de carácter obrigatoria e eliminatoria (máximo **3,00 puntos**)

Consistirá no deseño dun proxecto relacionado co temario do Anexo II das bases adaptado aos concellos de Dodro, Lousame e/ou Rois.

A puntuación será de 0 a 3 puntos, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non obteñan 1,5 puntos.

O tempo máximo para realizar a proba será de 60 minutos

8.3 Entrevista persoal (máximo 1,00 punto)

Non terá carácter eliminatorio, pero as persoas aspirantes que non asistan ao chamamento, agás causa xustificada, serán decaídas do seu dereito. A entrevista consistirá en avaliar a dispoñibilidade da persoa aspirante, a súa adecuación ao posto de traballo convocado e o coñecemento do territorio. Puntuarase ata un máximo de **1,00 puntos**.

Cualificación final.

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso-oposición e na de entrevista persoal. En caso de empate,



resolverase pola maior puntuación obtida na fase oposición; de persistir o empate resolverase coa maior puntuación na fase de concurso.

NOVENA. RESOLUCIÓN

Finalizado o proceso selectivo, o tribunal fará público no taboleiro electrónico e na páxina web do Concello a resolución final das persoas que superen o proceso selectivo indicando a pertinente orde de prelación, poñendo de manifesto que aspirantes integran a bolsa de traballo.

DÉCIMA. CREACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO

A alcaldía-presidencia resolverá a confección da bolsa de traballo composta polas persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo propostos polo tribunal, en orde descendente de puntuacións.

UNDÉCIMA. CONTRATACIÓN

O tribunal elevará a Alcaldía á proposta de contrato a favor da persoa aspirante con maior puntuación, debendo esta incorporarse ao posto de traballo no prazo de cinco días naturais seguintes a aquel en que sexa requirida. Deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello os documentos que se especifican seguidamente, orixinal ou copia compulsada:

- Declaración xurada de non estar separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin estar inhabilitada para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Para o caso de falta de achega de documentación en prazo, agás casos de imposibilidade suficientemente acreditada, non poderá ser contratada a persoa candidata proposta, podendo efectuarse chamamentos ás restantes persoas aspirantes pola orde de puntuación que obtiveran. Esta previsión esténdese para os casos en que se renunciase ao contrato ou finalizase este por calquera causa antes da expiración do contrato.

DUODÉCIMA. INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS

En todo o non previsto nas presentes bases, o tribunal quedará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se poidan presentar así como para tomar os acordos necesarios para a boa orde e o adecuado desenvolvemento do proceso; e todo isto con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

As presentes bases, as respectivas convocatorias e cantos actos administrativos se deriven das mesmas e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados, tanto en vía administrativa como contenciosa, nos casos e na forma establecidos pola normativa aplicable ao respecto



ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DO POSTO DE PERSOAL TÉCNICO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NOS CONCELLOS DE DODRO, LOUSAME E ROIS

D./D.^a.....,
con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación,
en.....C.P
endereço electrónico.....Teléfono

EXPOÑO:

Tendo coñecemento da convocatoria do proceso de selección para cubrir 1 posto de persoal laboral temporal de técnico/a de información turística,

SOLICITO:

Participar no devandito procedemento selectivo.

DECLARO que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e as sinaladas na presente convocatoria.

ACHEGO (márquese cun X os cadrados correspondentes á documentación presentada):

- Copia compulsada do DNI ou documentación equivalente
- Titulación esixible.
- Fotocopia do CELGA 4 ou equivalente
- Documentación acreditativa de cada un dos méritos alegados para a súa valoración no concurso de acordo ao previsto na base sétima.

Rois, de de 2022

Asdo.

AO ALCALDE DO CONCELLO DE ROIS

ANEXO II



TEMARIO PROCESO DE SELECCIÓN DUN TÉCNICO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA

- 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
- 2.- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril do Estatuto de Autonomía de Galicia: título preliminar, I e II.
- 3.- Lei 2/2025, do 29 de abril, de emprego de Galicia: títulos I, capítulo I do título III, capítulo I do título IV e capítulo IV do título IV.
- 4.- O municipio. Concepto. Organización e competencias. A provincia. Órganos de goberno municipal.
- 5.- Concepto de documento. Documento oficial. Formación de expedientes. Documentación de apoio informativo. Disposicións legais sobre normalización e procedementos administrativos.
- 6.- O persoal ao servizo das entidades locais. Disposición xerais.
- 7.- Lei 7/2011, de turismo de Galicia.
- 8.- Decreto 73/2021, de 7 de maio, pola que se regula a profesión de guías de turismo de Galicia.
- 9.- Xestión e calidade no turismo. Plan de calidade turística.
- 10.- A promoción turística de Galicia. A promoción de recursos turísticos.
- 11.- Galicia como destino turístico.
- 12.- A protección do patrimonio cultural.
- 13.- Clasificación dos bens do patrimonio cultural de Galicia. Categorias.
- 14.- Obrigas dos concellos de Galicia con respecto aos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia localizados no seu termo municipal.
- 15.- Rede Natura 2000. Definición e características xerais.
- 16.- Definición e desenvolvemento de produtos turísticos locais.
- 17.- Os diferentes tipos de produtos turísticos locais. Públicos obxectivos para este tipo de produtos.
- 18.- Definición e desenvolvemento dos produtos turísticos locais.
- 19.- Ciclo de vida dun produto turístico. Viabilidade de produtos turísticos.
- 20.- A información turística. Planificación e xestión dunha oficina de información turística. A difusión da información.
- 21.- Xestión dunha web de información turística.
- 22.- Creación de produtos turísticos locais
- 23.- Planificación de itinerarios turísticos. Obxectivos, metodoloxía e fontes para a elaboración. Deseño, execución e avaliación. Xestión da ruta de axentes implicados. Estratexias e instrumentos para a comercialización e promoción.
- 24.- Planificación e organización de eventos e espectáculos para a promoción turística. Adaptación aos distintos colectivos.
- 25.- Patrimonio inmaterial: festas, tradicións e gastronomía.
- 26.- Redes sociais. Aplicación ao turismo.
- 27.- O turismo nos concellos de Dodro, Lousame e Rois.
- 28.- Os roteiros de Dodro, Lousame e Rois.
- 29.- O patrimonio dos concellos de Dodro, Lousame e Rois: histórico, artístico e natural.
- 30.- Xeografía de Galicia. Principais destinos e produtos turísticos de Galicia.
- 31.- A historia nos concellos de Dodro, Lousame e Rois.
- 32.- A rede de Oficinas de Turismo de Galicia.
- 33.- A realidade turística da provincia da Coruña.
- 34.- Turismo industrial na provincia da Coruña.
- 35.- Guía de especificacións para a redución do contaxio polo coronavirus SARS-COV-2 elaboradas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.